

CHUNGO QUE TE CAGAS



PETER PUNK PALLASO

A COMPAÑÍA

Peter Punk é un dos pallasos máis programados e destacados en Galicia. Conta con máis de 1000 funcións ás súas costas en diversos países, programacións e espazos. Os seus espectáculos gozan dunha grande acollida por parte do público cativo e adulto. A compañía PETER PUNK PALLASO nace arredor de 2003 có espectáculo unipersoal CHUNGO QUE TE CAGAS, que perfilará o seu humor fresco, irreverente e orixinal.

Nos seguintes anos terá unha evolución meteórica. Crea o seu segundo unipersoal, A CHUNGATRONA, no que mantén o seu estilo singular.

Máis tarde crea dous espectáculos dirixidos polo pallaso e dramaturgo Walter Velázquez: PETER PUNK E O NENO IMPERDIBLE, con música ao vivo, creada e interpretada por Brais das Hortas, con quen comparte elenco. PEOR IMPOSIBLE, o espectáculo máis recente, e no que se confirma a madurez deste pallaso internacional.

ESPECTÁCULO

CHUNGO QUE TE CAGAS

É o primeiro espectáculo no que Peter Punk comeza a súa andaina como pallaso. E no que se perfila a súa personalidade divertida e irreverente, que fará as delicias de cativos, cativos e maiores, creando un universo propio no que a linea de traballo é a diversión, o xogo e unha visión moi persoal do mundo.

Mostrará a súa destreza (ou non) con elementos que van aparecendo da súa maleta: pelotas, un prato chinés, fachos de lume e o clásico tartazo reinventado ao máis puro estilo deste irreverente pallaso internacional.

O seu particular “Chungo que te cagas!” é o “Máis difícil aínda!” do circo clásico. Este é o espectáculo máis universal e todoterreo, perfecto para calquera tipo de espazo e público.



**PREMIO DO PÚBLICO
MUNDOCLOWN 2008 (Vigo, Galicia)**



Eva Triñanes
637 756 129

peterpunkpallaso@charlatana.org
www.charlatana.org



CURRÍCULO DESTACADO

XXXI Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas de Morrazo (Cangas, Pontevedra, Galicia), Festival Internacional de Outono FIOT (Carballo, Galicia), Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense MITEU (Galicia), Festival Pirineos Sur 2013 (Huesca, España), Festival Internacional de Calle de Gomecello (Salamanca, España), Festival Mueca 2012 (Canarias, España), FESTICLOWN Vigo, Santiago de Compostela e Vilagarcía de Arousa (Galicia), Festiclown Palestina 2011, Anjos do Picadeiro 2011 (Brasil), Festival Cómico de Maia, (Portugal), Festival Fazer a Festa (Portugal), Festival I (Portugal), Festival É-Aqui-In-Ócio de Póvoa de Varzim (Portugal), Teatro Municipal de Vila Real (Portugal), Festival de Teatro de Lamego (Portugal), 28ª Ulica Festival 2015 (Cracovia, Polonia), Festival Rototom Sunsplash (Benicàssim, Castellón, España), Mostra Internacional de Payasos de Xirivella (Valencia, España).